

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CENTRO AUTORIZADO PROFESIONAL DE MÚSICA DE
TORROSO-MOS
CURSO: 1º,2º,3º, 4º GRAO PROFESIONAL
MATERIA: CORO
DEPARTAMENTO: CONXUNTO
DATA:12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



ÍNDICE

Índice	2
1. Obxectivos e contidos imprescindibles	3
Curso: 1º de grao profesional.....	5
Curso: 2º de grao profesional.....	6
Curso: 3º de grao profesional.....	8
Curso: 4º de grao profesional.....	9
2. Avaliación e cualificación	11
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	13
4. Información e publicidade.....	14



1. OBXECTIVOS E CONTIDOS IMPRESCINDIBLES

Tendo en conta que a formación na práctica instrumental e vogal se dá de forma globalizadora e progresiva, ao longo dos sucesivos cursos, non é preciso establecer unha prioridade dos obxectivos ou criterios a valorar, xa que pouco difiren dun curso a outro (simplemente se enriquecen segundo o nivel instrumental e cognoscitivo do alumnado). O que se realizará será unha adaptación da metodoloxía á forma telemática, tentando de manter a formación musical integral centrada na voz.

Deste modo, referidos á programación de CORO deste curso 2019/2020, cómpre incluír os obxectivos das ensinanzas profesionais de réxime especial, incluídos no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Estes obxectivos mencionados aparecen no seu artigo 3º, e son:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



Todos estes obxectivos, excepto o e), poden ter continuidade na adaptación da docencia de forma telemática, cobrando especial interese o h), xa que a escoita activa da propia actividade musical vai ser fundamental para a continuidade dunha formación musical de calidade do/a alumno/a.

Así mesmo, no artigo 6º do mesmo decreto se mencionan os obxectivos específicos deste tipo de ensinanzas, que son:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 14	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO: 1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA: CORO
---	----------------	--



Neste grupo de obxectivos, non se poden perseguir neste terceiro trimestre aqueles que fan referencia á interpretación vogal grupal e ás actuacións en público. Non obstante, polo carácter continuo mencionado anteriormente da materia CORO, si foron respectados ata o 13 de marzo de 2020, polo que se pode considerar que foron cumpridos, na medida en que o alumnado de CORO do centro tivo oportunidades de interpretar temas en grupo e actuar publicamente no festival de Nadal que ofrece a escola. Neste terceiro trimestre, daránselle prioridade aos demais obxectivos, aproveitando as vantaxes que o traballo autónomo e individual que o alumnado pode facer nas súas casas aporta de cara a consecución dun criterio propio e un autoconecemento axeitado para unha correcta progresión na materia.

CURSO: 1º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

- Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.
- Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír a unidade sonora.
- Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.



Contidos

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalización, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes nun grao de complexidade básico para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico a tres ou catro voces iguais ou mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais.

CURSO: 2º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Familiarizarse coa linguaxe xestual propia da dirección coral.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 14	CENTRO: PROFESIONAL AUTORIZADO TORROSO CURSO: 1º,2º,3º,4º G.P. MATERIA: CORO
---	----------------	--



- Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

Contidos

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consoantes (grao de complexidade medio) e disonantes (grao de complexidade baixo) para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres o catro voces iguais ou mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais.
- Protocolos de concerto.



CURSO: 3º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

• As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír a unidade sonora.
- Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

Contidos

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acordes e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.



- Entoación de intervalos consonantes e disonantes nun grao de complexidade medio para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres, catro e a máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais.
- Protocolos de concerto.

CURSO: 4º DE GRAO PROFESIONAL

Obxectivos

As ensinanzas de coro dos estudos profesionais de música han ter como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.
- Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle a voz capacidade de resistencia.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.



Contidos

- Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- Vocalizacións, entoación de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.
- Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.
- Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.
- Entoación de intervalos consonantes e disonantes nun grao de complexidade alto para afianzar a afinación.
- Práctica da lectura a vista.
- Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a tres, catro e a máis voces mixtas, con ou sen acompañamento instrumental.
- Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.
- Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.
- Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas, estilos, xéneros e ámbitos culturais.
- Protocolos de concerto.



2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<p>Procedementos</p> <p>Os procedementos de avaliación empregados na materia CORO son os indicados na programación da mesma para o 1º e o 2º trimestre, e son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ensaio do repertorio na clase. • Estudo do repertorio na casa. • Realización de concerto se audicións. • Observación da participación do alumnado con respecto ós puntos anteriores. • Entoación individual, a petición do profesor, de fragmentos do repertorio. <p>Dada a imposibilidade de proseguir coa actividade docente, a proposta que se lle fai ao alumnado a finais do mes de marzo é desenvolver de forma autónoma algunhas actividades relacionadas cos obxectivos e contidos da materia de coro pero non serán avaliábeis.</p>
	<p>Instrumentos</p> <p>Ó tratarse dunha materia puramente práctica, a cualificación realizarase a través dos seguintes criterios indicados na programación da materia:</p> <ul style="list-style-type: none"> – O caderno do profesor, para todo o referente ás clases semanais, asistencia puntual á clase, participación activa na clase, repertorio ordenado na carpeta de clase.
Cualificación final	A cualificación final do curso calcularase a partir da media das puntuacións da 1º e a 2º avaliación outorgadas pola profesora a cada alumno/a conforme aos procedementos previamente expostos.
Proba extraordinaria de setembro	NON APLICA xa que non hai ningún alumno/a que teña algunha das dúas avaliacións suspensas polo tanto non se contempla a posibilidade desta proba.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: NON APLICA
	Criterios de cualificación: NON APLICA



	Procedementos e instrumentos de avaliación: NON APLICA



3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

<p>Actividades</p>	<p>Coro é unha materia presencial na que se realiza unha avaliación continua do alumnado a través dos criterios de avaliación expostos con anterioridade.</p> <p>De xeito puntual enviaranse partituras, vídeos explicativos ou enlaces para favorecer o sistema de aprendizaxe e que estes sirvan de apoio ao alumnado durante este terceiro trimestre.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Por último, cabe mencionar que todos/as os/as alumnos/as de grao profesional de CORO do centro dispoñen dos recursos necesarios para a continuación da actividade lectiva con éxito. Todos/as contan con conexión a internet, ordenador dispoñible e móbil propio. Polo tanto, poden acceder á plataforma centrosnet, manter unha comunicación directa co profesor, enviar arquivos de audio ou vídeo, e recibir audios, vídeos, ou documentos (Word, PowerPoint, PDF, etc.).</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Como xa se indicou, para o correcto funcionamento da actividade lectiva neste 3º trimestre, será preciso que tanto profesor como alumnado conten con:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ordenador con conexión a internet e acceso á plataforma centrosnet.



4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado de CORO será informado dos procedementos a realizar e o seu seguimento pola seguinte vía: <ul style="list-style-type: none">– Partituras, vídeos musicais ou enlaces para favorecer a aprendizaxe de cancións e que estas sirvan de apoio ao alumnado enviado individualmente a través da plataforma CentrosNet.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro e na plataforma CentrosNet.